


Validez desconocida

Digitally signed by BNG  
Entrada  
Date: 2009.09.23 10:11:02:00  
Reason: 08420  
Location: Parlamento de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/09/2009 10:09  
Nº Rexistro: 08420  
Data envío: 23/09/2009 10:09:08.654


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez e Anxo Manuel Quintana González**, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á retirada do galego na programación infantil “Os Teletubbies” na cadea televisiva G2.

A Televisión de Galiza ven de introducir unha mudanza, relevante do punto de vista lingüístico, na programación infantil diaria, dos “teletubbies”, espazo ao que se lle retira a dobraxe (ao galego), ficando o orixinal (inglés), e reducindo o noso idioma aos subtítulos escritos, á lexendaxe.

Dáse a circunstancia de que boa parte (probabelmente maioritaria) das crianzas que conforman a audiencia dos populares “Teletubbies” non saben ler (aínda). Razón pola que a audición en galego, que viña permitindo unha certa familiarización coa nosa lingua nacional, cobraba especial importancia nunha perspectiva normalizadora.

Agora non. As crianzas ollarán os “Teletubbies” amputándolles o galego, e a continuación dirixiranse (as máis afortunadas, con praza pública), ás Galiñas Azuis, desprovistas agora de mecanismos de politización e adoutramento e, xa que logo, da incorporación do galego, lingua imposta na Galiza e de evidente carga ideolóxica, a xuízo do actual Goberno do Partido Popular.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel: 0034 981 551 545  
Fax: 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-hog@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/09/2009 10:09  
Nº Rexistro: 08420  
Data envío: 23/09/2009 10:09:08.654

Un paso máis na activa e desacomplexada política de desgaleguización impulsada por este goberno, focada agora a un grupo de idade –a infancia– especialmente fráxil, nomeadamente nas cidades, no que ten a ver coa lingua.

Estas son as razóns que levan ao Bloque Nacionalista Galego a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG:

1.ª) Por que razón se suprime a voz en galego nos “Teletubbies”, relegándoo a subtítulos que moitas das crianzas non saben ler?

2.ª) Tense previsto corrixir esta decisión?


3.ª) Que medidas ten previsto adoptar a dirección da CRTVG para o impulso da lingua galega na infancia, no ámbito das súas competencias?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez  
Anxo Manuel Quintana González  
Deputados do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 23/09/2009 10:08:09**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
pp-bmg@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/09/2009 10:09  
Nº Rexistro: 08420  
Data envío: 23/09/2009 10:09:06.654

Anxo Manuel Quintana González na data 23/09/2009 10:08:20